



Concello de Cangas

Expediente Gestiona: 339/2024

INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN

Proceso de selección de 4 Conserxes ao abeiro do programa de contratación temporal para o fomento do emprego de mulleres que desenvolve o Concello de Cangas ao abeiro da subvención outorgada por Resolución de data 03/04/2024 da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

NOME E APELIDOS:.....

DNI:.....

ENDEREZO:.....

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO:.....

Que sendo o meu desexo participar no proceso de selección convocado polo Concello de Cangas que se indica na cabeceira para o que fun preseleccionada polo Servizo Público de Emprego

DECLARO:

Que coñezo e acepto as Bases que rexen a convocatoria e que cumpro con todos os requisitos esixidos na mesma, en particular os establecidos na base segunda e en especial:

1º.- Que non padezo enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo para o que fun preseleccionada.

2º.- Que non fun despedida mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin me atopo na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

3º.- Que non me atopo incurso en ningunha causa de incapacidade.

4º.- Que teño a condición de persoa desempregada ou en situación de mellora de emprego inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia e pertenzo ao colectivo especificado no artigo 6 da Resolución do 27 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención nas que se basea o presente proceso selectivo

5º.-Que non estiven contratada xa con cargo ás axudas concedidas para este mesmo fin pola Secretaría Xeral de Igualdade ao abeiro da Resolución do 12 de agosto de 2022, nin da Resolución do 20 de marzo de 2023, segundo estipula como requisito o artigo 5.4 da citada Resolución do 27 de decembro de 2023.

Comprometéndome a achegar a documentación xustificativa do cumprimento das bases da convocatoria no caso de ser requirida para elo, e en calquera caso especialmente a documentación acreditativa da condición de persoa destinataria final nos termos do artigo 6 da Resolución do 27 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención (documentación emitida ou asinada no prazo dos 24 meses anteriores á data de presentación da correspondente oferta de emprego por parte da entidade contratante na oficina de emprego ou na data de contratación, podendo no seu caso non operar o devandito límite temporal se as medidas contidas nesa documentación están en vigor).

En vista do anterior SOLICITO:

Participar no proceso de selección indicado no encabezamento e para o que fun preseleccionada polo Servizo Público de Emprego.

Cangas, a.....de setembro de 2024

Asdo. :

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CANGAS

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850